



**Normativa: Resolución definitiva de centros beneficiarios das axudas a centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que curse estudos durante o curso 2022/2023**

Unha vez publicada a resolución definitiva pola Consellería informamos que ao IES Beade fóronlle asignadas 17 becas, correspondentes ao alumnado de 2º BACH que solicitou estas probas. Como xa se comunicara, estas becas son de 100€ por alumno/a. Dependendo do nivel ao que se presente o alumno/a estas estarán completamente subvencionadas ou non. Así:

- 1.- O prezo do nivel B1 é de 100€, co que nestes casos non terán que pagar nada.
- 2.- O prezo do nivel B2 é de 169€, co que nestes casos terase que pagar a diferenza, é dicir 69€.

Do mesmo xeito infórmase do seguinte:

- a) A institución que se encargará da realización das probas será **Cambridge Assessment English**.
- b) Os exames dos niveis B1 Preliminary for Schools e B2 First for Schools terán lugar o **sábado 15 de abril do 2023 no IES Beade** (horario por confirmar).
- c) Previamente haberá unha charla informativa para familias e alumnado o martes **24 de xaneiro do 2023 ás 18:15h**.

